

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Ordenanza reguladora das axudas ó transporte metropolitano social

EDICTO

O pleno da Corporación na sesión realizado o 28 de xaneiro de 2015, aprobou inicialmente a ordenanza municipal reguladora das axudas ó transporte metropolitano social do concello de Cabanas. Transcorrido o prazo de información pública sen que se presentasen alegacións, o devandito acordo elévase a definitivo, en virtude do disposto no apartado terceiro do artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril e procédese á publicación da devandita ordenanza.

ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Ó TRANSPORTE METROPOLITANO SOCIAL DO CONCELLO DE CABANAS

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Réxime xurídico.

As axudas ó transporte público rexeranse polos preceptos básicos establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local: Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; así como polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia; e terán en conta o establecido no II Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento do Conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol que o Concello de Cabanas ten asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Para a concesión das axudas para o transporte público estarase ó disposto na presente ordenanza e as disposicións que se adopten na súa aplicación e desenvolvemento.

Artigo 2.- Obxecto e ámbito de aplicación.

2.1. A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime de concesión de axudas ó transporte colectivo do Concello de Cabanas, coa intención de promover e facilitar no seu ámbito territorial a mobilidade, o desprazamento e a intercomunicación a través dos medios de transporte públicos daqueles colectivos especificados no artigo 4 da presente ordenanza.

2.2. As axudas ás que fai referencia esta ordenanza serán de aplicación en todos os medios de transporte públicos incluídos no anexo técnico do II Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento Conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, que o Concello de Cabanas ten asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, e serán de aplicación exclusiva nas viaxes de Cabanas a A Coruña, Cabanas a Santiago, Cabanas a Ferrol, Ferrol a Cabanas, Santiago a Cabanas e A Coruña a Cabanas durante o curso escolar.

TÍTULO II.- TÍTULOS DE VIAXE E PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 3.- Títulos de viaxe.

3.1. Para estes efectos tan só será considerado válido como título de viaxe a tarxeta metropolitana de Galicia Social (TMG Social).

3.2. Os títulos de viaxe expediranse con carácter nominativo e serán de uso exclusivo do seu titular, que tan só poderá ser titular dunha única TMGS expedida por calquera dos concellos que integran Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, quen se responsabiliza da súa custodia e correcto uso, estando obrigado a comunicar ó concello mediante o anexo IV a súa perda ou deterioro coa finalidade de proceder á súa anulación e substitución.

Artigo 4.- Persoas beneficiarias.

4.1. Poderán ser beneficiarios desta axuda, previa solicitude feita nos servizos sociais do Concello mediante o anexo I:

a) As persoas matriculadas na Universidade ou nun Ciclo Formativo de Grado Superior da Coruña, Santiago ou de Ferrol que estean empadroados no Concello de Cabanas no momento da súa solicitude nos doce meses anteriores á solicitude da axuda e a súa renda per capita mensual da unidade familiar non sexa superior en 2 o valor do IPREM.

TÍTULO III.- CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS**Artigo 5.- Contía das axudas.**

5.1. A contía das axudas fixarase tomando como referencia o prezo da viaxe sinxela correspondente a un salto, aboado mediante a TMG Social.

5.2. O Concello de Cabanas subvencionara as viaxes efectuadas polas persoas que cumpran as condicións explicitadas no artigo 4.1 apartado a) da presente ordenanza segundo a táboa seguinte, ata un máximo de 40 viaxes mensuais:

a) Persoas cunha renda per capita mensual da unidade familiar igual ou inferior o IPREM contarán cunha bonificación nun 50% do seu importe.

b) Persoas cunha renda per capita mensual da unidade familiar entre o 100% e o 150% do IPREM contarán cunha bonificación nun 30% do seu importe.

c) Persoas cunha renda per capita mensual da unidade familiar entre o 150% e o 200% do IPREM contarán cunha bonificación nun 15% do seu importe.

Artigo 6.- Aboamento das axudas.

6.1. O aboamento da axuda concedida farase efectivo na tarxeta metropolitana social no momento de efectuar a recarga por parte do titular, mediante a compensación da porcentaxe correspondente do importe das viaxes realizadas no mes anterior, dacordo límite de viaxes establecido no artigo 5 desta ordenanza (40 viaxes).

6.2. Estas compensacións serán acumulables por un período máximo de dous meses.

Artigo 7. Duración das axudas.

7.1. Con carácter xeral, estas axudas terán unha vixencia anual, en tanto se manteñan as condicións que determinaron a súa concesión e serán revisadas cada doce meses dende a súa concesión, estando obrigado o beneficiario/a a entregar en cada momento a documentación xustificativa que lle sexa requirida polos servizo sociais do concello de Cabanas.

TÍTULO IV.- PROCEDEMENTO**Artigo 8.- Solicitudes e documentación necesaria.**

8.1. As solicitudes para acollerse ós beneficios da TMG Social deberán ser presentadas por Rexistro do concello, mediante a cumprimentación do impreso oficial (anexos I e II).

8.2. O prazo de presentación da solicitude estará aberto do 15 de setembro ó 15 de outubro. No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos esixidos para a súa tramitación, requirirase á persoa solicitante para que, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 10 días emende os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 de dito texto legal.

8.3. Con carácter xeral, as solicitudes deberá ir acompañadas de fotocopia do DNI do solicitante.

8.4. O solicitante deberá aportar fotocopia na que sexa visible o número da súa TMG e fotocopia do contrato de adquisición da tarxeta. A tarxeta debe adquirirse previamente á presentación de solicitude no concello. A persoa que pretenda solicitar a axuda deberá adquirirla tarxeta ás súas expensas nos lugares habilitados para tal fin, para que por parte dos servizos sociais municipais sexa convertida en TMG Social, unha vez aceptada a súa solicitude.

8.5. Con carácter específico, deberá ser achegada igualmente a seguinte documentación:

a) As solicitudes formuladas ó abeiro do disposto no apartado a) do artigo 4.1. deberá ir acompañadas de:

- Fotocopia da matrícula efectuada na Universidade ou nos Ciclos Formativos de Grado Superior.
- Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que acredite e xustificantes de ingresos económicos da unidade familiar.

Artigo 9.- Concesión das axudas.

9.1. As solicitudes de TMG Social presentadas de conformidade co disposto nesta ordenanza, serán resoltas favorablemente por Decreto de Alcaldía e concedidas nun prazo máximo de 30 días, agás causa de forza maior que o impida.

9.2. Se se producira algunha denegación, esta será comunicada por escrito ó interesado, explicando as causas que motivan a súa denegación, dentro do prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data de cumprimentación da solicitude. Contra esta decisión, o interesado poderá formular os recursos previstos na normativa sobre procedemento administrativo común (lei 30/1992 de 26 de novembro).

9.3. As axudas concederanse segundo o crédito dispoñible polo Concello de Cabanas na partida correspondente. No caso de que os gastos previstos polas solicitudes superen á partida destinada polo Concello, resolverase a súa concesión segundo a puntuación acadada por cada solicitude atendendo ó seguinte baremo:

a) Situación sociofamiliar:

a.1. Por discapacidade física, psíquica ou sensorial, enfermidade crónica que requira internamento periódico ou en situación de risco social:

Pai: 1 punto.

Nai: 1 punto.

Os membros da unidade familiar: 1 punto.

a.2. En situación de risco social do pai, nai, titor/ra ou representante legal: 5 puntos.

a.3. Por ausencia do fogar familiar de ámbolos dous membros parentais: 2 puntos.

a.4. Pola condición de familia monoparental: 2 puntos.

a.5. Pola condición de familia numerosa: 2 puntos

b. Situación laboral familiar:

b.1. Situación laboral de desemprego sen prestación económica:

Pai: 2 puntos.

Nai: 2 puntos.

b.2. Situación laboral de desemprego con prestación económica:

Pai: 1 puntos.

Nai: 1 puntos.

No caso de familias monoparentais, adxudicaráselle a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous.

c. Situación Económica:

Renda per cápita mensual da unidade familiar, referida ó IPREM vixente:

Inferior ó 100% do IPREM: máis 6 puntos.

Entre o 100% e o 150% do IPREM: máis 5 puntos.

Superior ó 150% e inferior ó 200% do IPREM: máis 4 puntos.

No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.

Artigo 10.- Regras e definicións para a determinación da renda per capita mensual da unidade familiar.

10.1. Para aplicación dos prezos públicos e reducións establecidos nesta ordenanza, a renda per capita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

I. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

II. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

III. Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per capita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 11.- Uso da tarxeta e obrigas.

11.1. A tarxeta é persoal e intransferible, responsabilizándose o seu titular do seu uso correcto.

11.2. A tarxeta deberá ser mostrada ó condutor do autobús e presentada nas máquinas canceladoras destes.

11.3. O titular deberá identificarse mediante DNI, pasaporte, permiso de conducir ou documento análogo sempre que sexa requirido para tal fin polo condutor do autobús, inspectores da compañía de transportes ou persoal do concello debidamente acreditados.

11.4. O titular da tarxeta está obrigado a mantela en bo estado e a comunicar ó concello a perda ou subtracción que puidera significar a utilización por persoas non autorizadas. O incumprimento deste deber podería determinar a esixencia de responsabilidades conforme ó réxime sancionador desta ordenanza.

11.5. O mantemento da situación de beneficiario está condicionada a que este reúna en todo momento os requisitos esixidos.

11.6. Transcorridos 12 meses dende a data de concesión, o concello poderá dar de baixa aquelas tarxetas cuxos titulares non tivesen renovado a documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión. Estes beneficios suspendidos por esta causa, serán repostos de inmediato a partir do momento en que se acredite o dereito efectivo a eles.

Artigo 12.- Causas de baixa.

12.1. Serán causas de baixa:

a) A renuncia expresa da persoa beneficiaria feita mediante o anexo IV desta ordenanza.

b) Falecemento da persoa beneficiaria.

c) Baixa no padrón municipal de habitantes nos seguintes doce meses á data de aprobación da axuda solicitada.

d) Se o/a beneficiario/a non comunica de inmediato ó departamento de servizos sociais de Cabanas, mediante o anexo III, calquera variación na súa situación persoal e económica que poida afectar á concesión feita.

e) Utilización da tarxeta por outra persoa que non sexa o/a titular.

f) En caso de perda ou subtracción da tarxeta, será dada de baixa nun prazo máximo de dous días dende a data en que o comunique mediante o anexo IV, co fin de evitar o uso fraudulento por parte doutras persoas.

g) Cese na prestación das axudas ó transporte público por parte do Concello de Cabanas.

TÍTULO V.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artigo 13. Infraccións.

13.1. Terán a consideración de moi graves e en consecuencia merecentes de sanción as seguintes infraccións:

- a) A utilización da tarxeta por persoa distinta do seu titular, co seu consentimento e sen que medie comunicación ó concello de subtracción ou extravío.
- b) A falsificación ou manipulación da documentación achegada no momento da súa solicitude ou renovación.
- c) O comportamento manifestamente inadecuado nos medios de transporte público, tales como comportamentos violentos, groseiros, sexistas, xenófobos, racistas ou calquera outros denunciados polo persoal dos medios de transportes ou outros pasaxeiros diante do concello, que procederá á apertura das correspondentes dilixencias informativas.
- d) A negativa á presentación do DNI ou identificación persoal suficiente ó condutor do autobús, servizos de inspección da empresa ou persoal acreditado do concello, cando lle fose requirida.

Artigo 14.- Réxime sancionador.

14.1. As actuacións consideradas nesta ordenanza como moi graves, levarán consigo a perda do dereito á obtención da TMG Social por un período de 12 meses.

14.2. A reiteración nestas condutas, suporán a perda definitiva do dereito.

Disposición final

A presente ordenanza, aprobada polo pleno da Corporación en data 28 de xaneiro de 2015, conforme ao disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, entrará en vigor así que transcorra o prazo de 15 días hábiles desde a publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cabanas, 16 de xaneiro de 2015.

O Alcalde.

Asdo. German Castrillón Permuy.

ANEXO II**Autorización tributaria**

AUTORIZO ó Concello de Cabanas a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información correspondente ó exercicio do ano en relación á solicitude formulada para a TMG Social.

| NOME | APELIDOS | DNI/NIF | SINATURA |
|-------------|-----------------|----------------|-----------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

ANEXO III

Comunicación de cambio das circunstancias valoradas

D./D^a.....con D.N.I./N.I.F. titular beneficiario/a da TMG Social nº comunico que as circunstancias que se tiveron en conta para a aprobación da concesión da TMG Social cambiaron e debe, por tanto, procederse á unha nova valoración ou baixa de acordo á normativa vixente.

Asinado:

En Cabanas, a de de 20.....

ANEXO IV

Comunicación de renuncia, extravío, deterioro ou subtracción da TMG Social

D./D^a. con D.N.I./N.I.F. titular da
tarxeta nº comunico ós servizos sociais do Concello de Cabanas a:

Renuncia ()

Extravío ()

Deterioro ()

Subtracción ()

Asinado:

En Cabanas, a de de 20.....

2015/3314